

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Rafael Dieste do 25/02/1979**

**Colección:**

**Data:** 25/02/1979

**De:**

Isaac Díaz Pardo;

**Para:**

Rafael Dieste;

**Orixe:**

Sargadelos (parroquial), Cervo (municipal), A Mariña Occidental (comarcal)

**Destino:**

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] SEMINARIO DE SARGADELOS / CERVO – LUGO –  
TLFNO. 58 08 11

**Temáticas:**

A nova Sargadelos; Artes; Asuntos particulares; Espazos artísticos;

**Mencionados:**

Marino Dónega; Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Ramón Martínez López; Luís Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcrición da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Rafael Dieste do 25/02/1979**

25 de febreiro de 1979

Sr. Don Rafael Dieste  
A Coruña

Benquerido Rafael:

Atopo en Sargadelos a carta de Luis, cuia copia xa sei que tes, comunicando a súa renuncia a calquera clase de sociedade que houbera tido conmigo no pasado, cousa que non pode deixar de preocuparme moi seriamente, xa que de esas sociedades vivimos 250 familias, e isto átame e non me deixa máis opción que a de traballar.

Tentoume non dicir ren e deixar que o que veña chegue polo seu aire, pois quen sabe se isto terá solución e si o pretendela non será peor. Mais penso que algo debo dicir polo menos aos cinco membros do Patronato que máis convivíchedes con Luis xa antes da nosa guerra (ti, Domingo, Paco, Ramón e Dónega), primeiro para suplicarvos fagades canto podades por facer superables, coñecéndoas, as razóns que ten Luis para dar semellante paso.

Cara a esta superación eu ofrezco ponerme ao marxen do Patronato e de todo o relacionado co Museo, con renuncia explícita ou simplemente non voltando a meterme para nada nas cousas do Museo, firmando dende xa as cousas que vos fagades, incluído Luis, e si vos parece para evitar calquer transcendencia maliciosa pode facerse sin ningún cambio, pois que eu estou no Patronato representando a Cerámicas do Castro, e ésta pode poñer calquer outro representante, dende un dos outros compañeiros da empresa até un alleo, ou a un fillo meu, como seña máis doado. Con razón ou sin ela e só porque se atope unha solución, acepto que se me recrimine calquer cousa. Algunha solución así habría que celebrala e eu seguiría prestando dende fora toda a axuda que se me pedise.

Si unha solución así non fose posible entón habría que pedirlle a Luis que nos dise unha explicación das razóns que ten para tomar tal decisión, sobre todo cando na súa carta verque cousas innecesarias que non debeu dicir, pois en todo caso debeu limitarse a comunicarlle ao Patronato (ao seu Presidente e/ou Secretario, non a mín) que renunciaba a ser Patrono do Museo. No feito de comunicarlle aos Patronos que renuncia a calquera clase de sociedade que houbera tido conmigo no pasado é onde radica a innecesiedade e onde a Luis fóselle a man, supoño que por nerviosismo, mais o certo é que calquera ten dereito a pensar que eu (e os que estarnos na responsabilidade das empresas) lle temos feito algo que administrativamente non estaría ben. E isto hai que axudarlle a que o comprenda, xa que si ben il ten dereito a facer as interpretacións que lle pete, aos demais tamén nos alcanza o mesmo dereito. Así para evitar malas interpretacións il debería dar a súa.

Fágovos a vós cinco depositarios da miña reacción á carta de Luis para que a administredes coma millor o consideredes, comunicándollo ou non ao resto dos Patronos. O que vos fagades ben feito está.

Perdonádeme esta nova molestia. Apertas tensas

Isaac

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.